

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

Nome: ROBERTO	1.º apelido: AMARELLE	2.º apelido: GARABÁN	NIF: 44838951Z
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: SECRETARIO		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://acortar.link/zQvUo3		
Data:	11/05/2026	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira		X
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros		X
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros		X

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (08-04-2026)

Apróbase por unanimidade a acta da Xunta directiva anterior celebrada o día 08/04/2026.

2. Convenios Fegado-Clubs

A presidenta da FEGADO toma a palabra para informar sobre os últimos requirimentos da SXD. Explica que, debido a un cambio na estrutura orgánica desta Secretaría, se están a aplicar novos criterios na xustificación de gastos das subvencións. En consecuencia, será necesario revisar con maior detalle os convenios que se establezan entre FEGADO e os diferentes clubs de orientación.

3. Programas SXD 2025

A presidenta toma a palabra para explicar o procedemento de interpretación do número de licenzas dos diferentes clubs ante a SXD. A continuación, Claudia intervén para manifestar o seu desacordo coa forma na que se está a validar a información remitida polos clubs, sinalando que se están a incluír na categoría absoluta persoas corredoras que non son elite. A Presidenta indica que, segundo o criterio indicado pola SXD, deben incluírse nesta categoría todas as persoas en idade de ser elite.

4. Eleccións

Infórmase de que foi aceptado o calendario das eleccións. O 13 de maio publicarase a resolución da SXD, na que se remitirán todos os censos. No caso de existiren emendas, estas deberán ser enviadas á SXD para a súa corrección. As eleccións convocaranse o 7 de xuño, coincidindo coa Asemblea da FEGADO. Nesa mesma data, a Xunta Directiva cesará nas súas funcións, polo que será necesario que todos os pagamentos (CESA, convenios, factura de roupa, etc.) se realicen con anterioridade á súa disolución. É necesario agora establecer contacto cos diferentes corredores, técnicos, xuíces e DGAN e clubs para que se animen a representar a cada un destes estamentos.

5. Propostas a Fedo para Asamblea

A presidenta intervén para informar de que se está a elaborar unha proposta para presentar á FEDO, co obxectivo de promover un cambio normativo en relación cos casos de desaparición ou roubo de balizas durante o desenvolvemento dunha carreira.

6. Rogos e preguntas

Non se formulan rogos e preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidenta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) dá por finalizada esta sesión da Xunta Directiva, sendo as 22:45 horas do día antes indicado do que, como secretario, dou fe e asino dixitalmente o presente documento.